

Estimadas familias:

Enviámoslles as instrucións para o encargo dos libros de texto e material escolar 2023-24 no colexio.

- Para encargar os **libros de texto** no colexio, deben acceder á paxina web [www.colexioalborada.es](http://www.colexioalborada.es) e cubrir o formulario do curso ou cursos correspondentes. Recibirá unha confirmación co seu pedido, no seu correo electrónico, despois de enviar o formulario.
- Poden encargar todos os libros ou só parte deles. As familias que soliciten fondo solidario da Xunta de Galicia e desexen encargar os libros no colexio, deben marcar todos os libros que desexen encargar e nós nos encargaremos de eliminar os que lles foron concedidos na axuda.
- Os formularios para encargar os libros no colexio estarán abertos en dúas quendas: ata o 10 de xullo e desde o 29 de agosto.
- As familias que encarguen os libros de texto no colexio, así como as que solicitan fondo solidario, poderán recoller os libros os días 6 e 7 de setembro entre as 9,30 e 16,00 horas. No mes de agosto recibirán por correo electrónico un recordatorio destas datas.
- É imprescindible entregar o cheque da axuda da Consellería (en caso de tela solicitado) debidamente cuberto e asinado pola persoa que solicita a axuda no momento de recoller os libros. Os cheques poderán recollerse no centro os días 29 e 30 de xuño de 9,30 a 13,00 horas.
- O importe dos libros e do material escolar poderá ser abonado polas familias a través do banco en un, tres ou seis prazos ou con tarxeta bancaria no momento da recollida.
- Para encargar o **material escolar** no colexio, deben acceder á paxina web [www.colexioalborada.es](http://www.colexioalborada.es) e cubrir o formulario do curso ou cursos correspondentes. Recibirá unha confirmación co seu pedido, no seu correo electrónico, despois de enviar o formulario. O material escolar de Ed. Infantil, 1º EP e 2º EP encárgase automaticamente no colexio.
- A data límite para a cancelación ou modificación do pedido é o 10 de xullo. En caso de cancelación ou modificación, deberán cubrir de novo o formulario e enviar unha notificación ao correo [libreriaclaimo@albotic.com](mailto:libreriaclaimo@albotic.com) coa palabra "Modificación" ou "Cancelación" no asunto e co nome do alumno e curso no corpo da mensaxe.

Ante calquera dúbida sobre os libros de texto, poden poñerse en contacto con: [libreriaclaimo@albotic.com](mailto:libreriaclaimo@albotic.com)

Os listados de libros por curso e material escolar están dispoñibles na web do centro ([www.colexioalborada.es](http://www.colexioalborada.es)) na páxina principal premendo en "Libros de texto" ou no apartado de "Educación / Libros de texto".

Un saúdo,  
A COMISIÓN DE LIBROS